



RIBEIRA SACRA
Consello Regulador Denominación de Orixe

NOTA DE PRENSA 25 de novembro 2022

“Expresión da viticultura heroica”, o 28 de novembro no Salón dos Mellhores Viños de España

O **XXII Salón dos Mellhores Viños de España** celébrase en IFEMA Madrid, os días 28 e 29 de novembro. A cita dirixida exclusivamente a profesionais do sector é un referente a nivel nacional e internacional onde terán cabida todos os proxectos enolóxicos.

A D.O. Ribeira Sacra será protagonista do Salón dos Mellhores Viños de España para pechar a xornada do **luns, 28 de novembro, ás 18.30**. A enóloga, **María Isabel Mijares García-Pelayo**, guiará unha **cata comentada** dunha selección de viños da Denominación que obtiveron máis de 90 puntos na edición 2023 da Guía Peñín.

Así a D.O. Ribeira Sacra presenta a este acto unha variada representación dos viños que elabora, cantando Brancos de 2021 (un Godello e un Branco Summum), 3 Mencías de 2021, Tintos de Barrica (un de 2019 e outro de 2017) e un Merenzao de 2020. Acompañará a M^a Isabel Mijares, o **Presidente do CRDORS, José Manuel Rodríguez**.

Estas catas comentadas que organiza a D.O. Ribeira Sacra no Salón dos Mellhores Viños de España contan cada ano cunha excelente aceptación, de modo que as prazas ofertadas cóbrense de inmediato e xérase unha lista de espera de persoas interesadas en achegarse aos nosos viños.

Ademais deste acto promovido desde o CRDORS, numerosas adegas da D.O. acoden á cita a título individual.